

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN MAROLA FÚTBOL CLUB NO DESENVOLVEMENTO DOS PROXECTOS DE FOMENTO DA PRÁCTICA DEPORTIVA PARA PERSOAS MENORES INTERNADAS NOS CENTROS DE REEDUCACIÓN DE CONCEPCIÓN ARENAL, MONTELEDO, MONTEFIZ E AVELINO MONTERO E DE SOPORTE Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS MOZAS QUE REMATAN O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO EN CENTROS DE REEDUCACIÓN.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, en nome e representación desta, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto no Decreto, 42/2024, do 24 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e a resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, Vicente Bellón Martínez con DNI nº XXXXXXXXX, presidente da Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, que actúa en nome e representación desta, con NIF nº XXXXXXXXX e con domicilio social en rúa Federico Tapia nº 15-4º dereita da Coruña, estando expresamente facultado para a formalización do convenio en virtude do artigo 10 dos estatutos, polo cal se rexen os órganos de representación e goberno da mesma, que constan inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, co número E-6550.

Ambas as dúas partes, con capacidade xurídica bastante e as persoas representantes con poderes suficientes e axeitados en dereito para obrigar as súas representadas,

EXPOÑEN

PRIMEIRO

As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO

O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

TERCEIRO

Que a Consellería de Política Social e Igualdade, ten asumidas entre as súas competencias, de acordo co establecido no artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e tutela de persoas menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, que exerce a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

CUARTO

O artigo 55 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, dispón que toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que a persoa menor internada é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade. En consecuencia, a vida nos centros debe tomar como referencia a vida en liberdade favorecendo a colaboración e participación de entidades públicas e privadas

no proceso de integración social, a través das súas actividades, proxectos e programas.

QUINTO

1. A Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, de natureza asociativa, é unha entidade privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento e o impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario, ademais da promoción do deporte a través do mesmo e a integración social das persoas mozas en risco de exclusión social, especialmente das internadas nos centros de menores.

Así mesmo, a entidade ten o recoñecemento e a inscrición no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-6550.

2. En cumprimento dos seus fins a Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, puxo en marcha no ano 2013 un proxecto destinado a promover a práctica deportiva no centro Concepción Arenal a partir da creación dun equipo de fútbol sala formado por persoas internadas neste centro, que serve de complemento para a inserción e formación das persoas que participan.

Dende o ano 2022, este proxecto estendeuse aos centros de Monteledo de Ourense, Montefiz, tamén de Ourense e Avelino Montero de Pontevedra.

3. Como resultado da experiencia acadada, a Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, desenvolve, ademais, dende o ano 2016, un proxecto de soporte á autonomía dirixido a un grupo de persoas, entre 18 e 25 anos de idade, que unha vez finalizada a súa estancia nun centro de reeducación deste Comunidade Autónoma, prestándolles o apoio necesario para favorecer a súa emancipación, facilitándolle unha vivenda e cubrindo as súas necesidades de manutención, naqueles casos en que o regreso da persoa moza á súa contorna socio familiar sexa prexudicial para os fins de reinserción social.

No caso das persoas maiores de idade trátase dunha medida imposta pola comisión de feitos tipificados como delito cometidos cando eran menores.

SEXTO

Que ambas as dúas partes asinantes deste convenio consideran prioritaria a inserción social e laboral das persoas menores e persoas mozas en situación de exclusión social a través da utilización da práctica física e o deporte como vehículo para a súa integración social e están interesadas en cooperar no desenvolvemento dos proxectos destinados, un, a fomentar a práctica deportiva das persoas menores internas nos centros de reeducación de Concepción Arenal da Coruña, Monteledo de Ourense, Montefiz, tamén de Ourense e Avelino Montero de Pontevedra, como

mecanismo de loita contra a exclusión e outro, a apoiar as persoas mozas que unha vez finalizado o cumprimento dunha medida de internamento en calquera dos centros de reeducación da Comunidade Autónoma inician a execución dunha medida non privativa de liberdade, co fin de favorecer a súa emancipación na transición cara á vida adulta, facilitándolle o acceso a unha vivenda e cubrindo a súa manutención.

SÉTIMO

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer a intervención que vén desenvolvendo a Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, co desenvolvemento destes proxectos, co fin de levar a cabo a súa labor social, a través da concesión directa dunha subvención destinada aos gastos xerados polas actuacións recollidas na cláusula terceira.

De acordo co establecido no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os proxectos financiados teñen por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social en canto vai destinado a satisfacer as necesidades inherentes ás persoas menores que cumpren medidas privativas de liberdade nos centros Concepción Arenal da Coruña, Monteledo de Ourense, Montefiz, tamén de Ourense e Avelino Montero de Pontevedra, favorecendo a súa integración social mediante a súa participación en actividades deportivas así como a inserción social daquelas que sendo maiores de idade xa finalizaron o cumprimento dunha medida de internamento en calquera dos centros de internamento da Comunidade Autónoma e non contan co soporte socio familiar necesario e por tanto carecen de vivenda e recursos para a súa manutención. No caso das persoas maiores de idade trátase dunha medida imposta pola comisión de feitos tipificados como delito cometidos cando eran menores.

Así mesmo o artigo 19.4 c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, poderán concederse de forma directa subvencións para aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Tendo en conta o carácter específico das intervencións obxecto destes proxectos, resulta imposible promover a concorrência pública para a concesión das subvencións, o que xustifica a celebración deste convenio, sendo esta a única entidade en toda a Comunidade Autónoma que desenvolve unha actividade deste tipo.

Polo exposto, as partes comparecentes na representación que ostentan acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este convenio de colaboración ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB a través da concesión dunha subvención directa a favor da dita entidade para o financiamento do proxecto que leva a cabo durante o ano 2025 dirixido a facilitar o tránsito á autonomía das persoas mozas, de idades comprendidas entre 18 e 25 anos, que finalicen o seu internamento nun dos centros de reeducación desta comunidade autónoma e inicien o cumprimento dunha medida non privativa de liberdade cubrindo as súas necesidades de manutención e aloxamento, naqueles casos nos que e o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción social.

No caso das persoas maiores de idade trátase dunha medida imposta pola comisión de feitos tipificados como delito cometidos cando eran menores.

Así mesmo, a través da concesión desta subvención financiarase o proxecto para a práctica deportiva das persoas menores internas nos centros Concepción Arenal da Coruña, Monteledo de Ourense, Montefiz, tamén de Ourense, e Avelino Montero de Pontevedra, mediante a súa inclusión nas actividades da Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, como medio para o establecemento de pautas de comportamento saudable.

Os proxectos da Entidade non levan consigo a realización de actuacións referidas á execución de medidas xudiciais.

SEGUNDA. Persoas beneficiarias das actividades dos proxectos a subvencionar

1. Son persoas beneficiarias das actividades dos proxectos, as persoas menores internas que estean cumprindo medidas privativas de liberdade nos centros de reeducación referidos na cláusula primeira e se incorporan ás actividades deportivas da Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB.

Así mesmo, son persoas beneficiarias dos proxectos, aquelas persoas mozas entre 18 e 25 anos, sometidos á Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, que unha vez que finalicen o seu internamento nun centro de reeducación desta Comunidade Autónoma inician o cumprimento dunha medida non privativa de liberdade contemplada no artigo 7 desta lei e están desempeñando algunha actividade laboral ou formativa e non contan cun soporte familiar e polo tanto, tampouco con vivenda, nin con medios para a súa manutención, ou o seu entorno socio familiar de referencia é prexudicial para os fins de reinserción social.

No caso de que a súa evolución sexa positiva, estas persoas mozas poderán seguir beneficiándose dos proxectos unha vez rematada a medida non privativa de liberdade, en tanto non finalicen a súa formación.

2. En ambos os dous casos as persoas beneficiarias deben estar cumprindo unha medida xudicial imposta en aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

TERCEIRA. Obxectivos e actividades dos proxectos a subvencionar

1. Para o desenvolvemento dos proxectos e a consecución do obxecto recollido na cláusula primeira, as actividades a levar a cabo pola Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, durante o período son:

a) Facilitar a participación das persoas menores internas nos centros referidos na práctica de actividades deportivas, poñendo ao seu dispor o material deportivo necesario, formalizando as inscricións ou fichas federativas para a súa participación nas correspondentes competicións e asumindo os gastos derivados do alugueiro das instalacións deportivas e da arbitrase.

b) Facilitar a inserción das persoas mozas, entre 18 e 25 anos, que rematen o cumprimento da medida xudicial de internamento nun centro de reeducación desta Comunidade Autónoma e inicien o cumprimento dunha medida non privativa de liberdade, cando desenvolvan unha actividade laboral ou formativa, así como no caso de que rematen a medida non privativa de liberdade en tanto continúen coa súa actividade formativa, naqueles casos nos que a súa situación socio-familiar o requira, cubrindo as súas necesidades de manutención e aloxamento, para o cal a Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, pon a disposición unha vivenda situada na cidade da Coruña.

c) Designar unha persoa responsable da execución dos proxectos, que levará a cabo as actuacións necesarias para o seu cumprimento.

d) Informar á Consellería de Política Social e Igualdade e aos centros de reeducación das altas e baixas producidas nas actividades deportivas, así como de calquera incidencia que afecte ás persoas menores internas do centro que participan nas actividades do clube. Esta información realizarase a través da persoa responsable da execución do proxecto que designe a Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB.

Así mesmo, informará á Consellería de Política Social e Igualdade das altas e baixas no proxecto daquelas persoas mozas entre 18 e 25 anos beneficiarias do proxecto de manutención e aloxamento.

2. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica facilitaralle á Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, :

a) A proposta da dirección do centro, previo acordo da comisión educativa, a relación de persoas menores que se darán de alta nos equipos de fútbol sala, así como doutras actividades lúdicas e educativas, facilitando os datos e documentación necesarios para a súa alta federativa, previo consentimento por escrito a través da formalización dun contrato de cesión de datos coas persoas mozas ou das persoas que exerzan a representación legal das persoas menores.

b) A proposta da dirección do centro de reeducación no que se atopen as persoas mozas de entre 18 e 25 anos, e previa valoración da súa situación socio-familiar, levada a cabo polo/a traballador/a social e a/o psicóloga/o do centro, propoñerase a inclusión das mesmas no proxecto, de cara a facilitar o seu tránsito á autonomía persoal. Esta proposta levarase a cabo con carácter previo á súa saída do centro, de xeito que cando finalicen a medida de internamento estas persoas conten co soporte

necesario naqueles casos nos que o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción.

A inclusión das persoas mozas neste proxecto non forma parte da execución de ningunha medida xudicial.

CUARTA. Compromisos da Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB

A Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, como beneficiaria da subvención, comprométese a levar a cabo os obxectivos e actividades sinalados na cláusula terceira e a cumprir con todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en concreto:

- a) Realizar as actividades derivadas dos proxectos a subvencionar a través do convenio.
- b) Acreditar a realización das actividades dos proxectos a subvencionar así como a aplicación dos fondos ao fin destinado.
- c) Cumprir os requisitos e non se atopar incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Acreditar documentalmente, antes da sinatura do convenio e do pagamento, no caso de oporse expresamente á consulta pola Administración, o cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e o non ter pendentes débedas coa Comunidade Autónoma nin ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- e) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades derivadas dos proxectos a subvencionar a través deste convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Facilitar as actuacións de comprobación e subministrar a información requirida pola Consellería de Política Social e Igualdade, a través dos seus órganos competentes en materia de inclusión social e de inspección de servizos sociais, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- g) Informar á Consellería de Política Social e Igualdade do funcionamento das actividades dos proxectos obxecto da concesión da subvención a través do convenio.
- h) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das actividades, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- i) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia así como na lenda alusiva ao financiamento público dos proxectos en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación cos proxectos subvencionados.

- j) Levar un arquivo e custodia, durante polo menos cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das actividades dos proxectos a subvencionar a través deste convenio.
- k) Reintegrar os fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- l) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

QUINTA. Medios persoais

A Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, conta con persoal coa categoría de educador/a a xornada completa, ou dúas persoas, coa mesma categoría profesional, a media xornada, encargada de supervisar a evolución das persoas mozas entre 18 e 25 anos que participan nos proxectos destinados á cobertura das súas necesidades de manutención e aloxamento e de prestarlles o apoio educativo necesario durante todo o proceso. O dito persoal non intervéñ na execución de ningunha medida xudicial.

Ademais do persoal educador, os proxectos contarán con unha persoa responsable da execución do mesmo. A persoa responsable da execución dos proxectos non percibirá ningunha retribución a cargo deste convenio.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais que vaian desenvolver as actividades dos proxectos e a Consellería de Política Social e Igualdade, Xunta de Galicia e os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

SEXTA. Condicións económicas

1. O orzamento total dos proxectos para o ano 2025 é de 59.360,00 €.

2. Para a execución dos proxectos, e de acordo co establecido no artigo 21.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Consellería de Política Social e Igualdade achegaralle á Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB, a cantidade de corenta e sete mil catrocentos oitenta euros (47.480,00€), o 80% dos gastos totais do proxecto, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 na que existe crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio, gastos que deberán xustificarse de forma apropiada de acordo coas súas cláusulas.

Deste xeito, a Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB achegará a cantidade de once mil oitocentos oitenta euros (11.880,00€), que poden proceder de fondos propios ou outras subvencións ou recursos.

3. As ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo e que de xeito indubidable se destinen á realización de actividades deportivas que leve a cabo a asociación e ás persoas mozas beneficiarias das axudas á

autonomía incluídas no proxecto. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada no convenio non varíe.

4. Ao amparo do previsto nos artigos 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o pagamento da contía referida deste convenio farase do seguinte xeito:

- Ata o 80% do total concedido (37.984,00€) poderase facer efectivo mediante pagos parciais a conta da liquidación definitiva na medida en que a entidade beneficiaria xustifique a realización das actividades e os gastos e pagos realizados.

A este respecto, esta entidade beneficiaria queda exonerada de constituír as garantías ás que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4 f) do dito decreto.

- O 20% restante (9.496,00€) pagarase unha vez xustificada a realización da totalidade das actividades subvencionadas.

5. A dita xustificación farase coa achega da seguinte documentación:

a) Certificación, expedida e asinada polo órgano competente da entidade beneficiaria, dos gastos realizados, que incluírá:

- Relación de facturas.
- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.
- Documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu xustificante de pagamento e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).
- Xustificante de pagamento dos gastos realizados e pagados segundo o establecido no parágrafo 2º do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta documentación non será esixible para aqueles gastos realizados no derradeiro mes de vixencia do convenio, cuxo pagamento efectivo sexa imposible dentro do prazo de xustificación por causas non imputables á Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB. Nestes casos será suficiente coa presentación das facturas acumuladas nese período, conforme ao indicado na liña anterior, sen prexuízo do sometemento ás actuacións de comprobación e control posteriores.

A achega de documentos axustarase ao establecido no artigo 28 da lei 39/2015, do 1 de outubro.

b) Memoria xustificativa das actividades desenvolvidas, na que se recolla as actividades levadas a cabo pola Asociación Marola Fútbol Club en relación co obxecto dos proxectos a subvencionar, con indicación das persoas menores beneficiarias.

c) Declaración responsable de que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

6. No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, a Asociación Marola Fútbol Club achegará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes.

7. De conformidade co disposto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establécese como data límite do prazo de xustificación das actividades desenvolvidas no marco deste convenio, o 10 de decembro de 2025.

SÉTIMA. Compatibilidade

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Co importe das axudas previstas neste convenio en ningún caso se poderá superar o custo das actividades que desenvolverá a entidade beneficiaria, sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

OITAVA. Xustificación e control

1. A Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade poida levar a cabo para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

2. Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 14.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. A Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

NOVENA. Información básica sobre protección de datos persoais

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE)

2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como ao cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMA. Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento deste convenio de colaboración crearase unha Comisión Mixta de Seguimento que terá como funcións velar polo cumprimento do que nel se establece, tratar de resolver as cuestións que xurdan durante a súa execución, así como avaliar o seu funcionamento e eficacia.

Esta comisión, presidida pola representante da administración, estará integrada por:

a) A persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou persoa que a supla de acordo co establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

b) O presidente da Fundación Labaca ou persoa que o supla de conformidade cos seus estatutos.

A secretaría, e no seu caso, a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. Contará con voz pero non voto.

A comisión reunirase polo menos dúas veces ao ano; unha tras a sinatura deste convenio e outra tras a remisión da memoria xustificativa. Ademais reunirase tantas veces como sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

A dita comisión réxese polo establecido neste convenio e polas previsións que para os órganos colexiados se conteñen na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia

O presente convenio de colaboración terá unha duración dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025, non obstante la concesión da subvención a través do dito instrumento poderá comprender os gastos do proxecto que se iniciasen dende o 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO SEGUNDA. Causas de resolución e efectos

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos daqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute as actividades do proxecto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fôra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas de acordo establecido na cláusula sexta.5. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007,

do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo das actividades que conforman o proxecto subvencionado.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO TERCEIRA. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

1. O presente convenio de colaboración terá carácter administrativo e os seus efectos réxense polo establecido nas súas cláusulas, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014.

As cuestións litixiosas que xurdan da súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

2. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a resolución fose expresa ou, se o acto no o fose, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA. Publicidade

1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. A Asociación MAROLA FÚTBOL CLUB terá a obriga de subministrarlle á Consellería de Política Social e Igualdade toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de acordo co disposto no artigo 4 da dita lei.

3. De conformidade coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, ambas partes asinan o presente convenio de colaboración, por triplicado, no lugar e data expresados.

A Conselleira de Política Social e
Igualdade
Fabiola García Martínez

O Presidente da Asociación Marola
Fútbol Club
Vicente Bellón Martínez

ANEXO

**DESAGREGACIÓN DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2025 CONVENIO
DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN MAROLA FÚTBOL CLUB**

CONCEPTO	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	ASOCIACIÓN MAROLA FÚTBOL CLUB	TOTAL
GASTOS ASOCIADOS Á VIVENDA	IMPORTES		
Gastos Aluguer	8.000,00 €	2.000,00 €	10.000,00 €
Gastos Subministros	688,00 €	172,00 €	860,00 €
Manutención	4.000,00 €	1.000,00 €	5.000,00 €
Atención psicolóxica	640,00 €	160,00 €	800,00 €
Persoal Educador	23.512,44 €	5.878,11 €	29.390,55 €
Control sustancias PSA	800,00 €	200,00 €	1.000,00 €
Farmacia	80,00 €	20,00 €	100,00 €
GASTOS DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	IMPORTES		
Gastos pavillón	2.000,00 €	500,00 €	2.500,00 €
Gastos Federativos	1.200,00 €	300,00 €	1.500,00 €
Material deportivo	1.600,00 €	400,00 €	2.000,00 €
Gastos extraordinarios	3.439,56 €	869,89 €	4.309,45 €
Xestión administrativa	1.520,00 €	380,00 €	1.900,00 €
TOTAL	47.480,00 €	11.880,00 €	59.360,00 €



Cadro desglose custos de persoal:

PEROAL EDUCADOR MAROLA FUTBOL CLUB - ANO, 2025 IV CONVENIO COLECTIVO DE REFORMA XUVENIL E PROTECCIÓN DE MENORES						
Numero de efectivos	CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO MENSUAL	COMPLEMENTO ESPECÍFICO	SEGURIDADE SOCIAL	TOTAL MES	TOTAL ANO
1 Educador/a social (a media xornada)	Subgrupo 1b	663,32 €	125,90 €	260,44 €	1.049,66 €	14.695,28 €
1 Educador/a social (a media xornada)	Subgrupo 1b	663,32 €	125,90 €	260,44 €	1.049,66 €	14.695,28 €
						29.390,55 €